

O CASINO

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

Iste número de *O Casino* retrasouse por mor da coincidencia do remate do prazo para rematar as actuacións nos muíños de Couso co prazo para solicitar novos proxectos na convocatoria de subvencións para *Proxectos dinamizadores do medio rural*. Ámbalas dúas cuestións requiriron de toda a nosa atención nestes días e iso provocou o retraso nesta publicación. Mais aquí estamos, un trimestre máis.

Para a convocatoria de proxectos dinamizadores tiñamos tres propostas: reconstrución da capela de San Martiño, completar a construción da primeira planta da nova casa cultural e un sendeiro que, atravesando os nosos muíños (6), recorrerá tamén os de Cans (6), Picoña (10) e San Xurxo de Caselas (3), ademais de petos de ánimas, cortellas, fontes, castros, etc. con volta polo Sendeiro das Greas. Ao final é este último o que se vai presentar, xa que debido ás datas do prazo de solicitudes (xullo e agosto) había dificultades para contactar con empresas que puideran realizar os proxectos dos outros nesa prazo (antes do 1 de setembro). O proxecto que se presenta, como xa dixemos, está plantexado por catro parroquias de tres concellos diferentes e ten un percorrido total de 19 km, coa posibilidade de facer dous bucles de 10-12 km (un desde Cans ou Couso e outro desde Salceda de Caselas) e pretende por en valor todo o patrimonio artístico, cultural, natural e etnográfico da zona.



Tamén temos novas respecto ás nosas comunicacións. Por unha banda a Aula

Multimedia xa está totalmente operativa e, de feito, temos previsto iniciar cursos para aquelas persoas que teñen menos contacto coa informática para que vaian pendéndolle o medio. A antena que nos vai dar cobertura Wimax, de acceso a Internet, xa pasou o período de exposición pública e se prevé que a Consellería de Política Territorial conceda o permiso para a súa instalación na primeira quincena de setembro. A continuación iniciárase a instalación da mesma.



Por outra banda, respecto da antena de telefonía móbil de Movistar xa foi devolto o contrato asinado e, posiblemente, tamén en setembro se inicie a instalación.

(segue en páxina 5)

Neste exemplar:

- 1** Limiar
- 2** Programación trimestral
- 3** Colaboración literaria (por Mary Carballido)
- 4** A auga de San Xoán (por Montse Groba)
- 5** Cantigas e refráns sobre os muíños (por Montse Groba)
- 7** Receitas (por Montse Groba)
- 8** Limiar (continuación) • Actividades realizadas

PROGRAMACIÓN CULTURAL

3º TRIMESTRE 2008

Colleita e malla do centeo



Por segundo ano consecutivo recupéranse estas actividades agrícolas tradicionais


Datas por determinar

Domingos por determinar,
ás 08'30 horas

Traballos nos muíños

Aínda quedan por facer algúns traballos de remate final das actuacións para a súa posta en valor.

Curso de iniciación á informática




Aproveitando a Aula Multimedia organizaremos un curso de achegamento e iniciación daquelas persoas que non tiveron contacto coa informática.

Setembro

Cirolas o meu mellor amigo

Tutú tiña un amigo imaxinario, xogaba con él o balon, ian na bici, tiraba petardos, acompañabao todo o día e por suposto o chegar a noite Tutú lia os contos como se de verdade ese amigo imaxinario existira, puxeralle de nome Cirolas, a nai xa estaba cansa do seu amigo pois pensaba que Tutú toleara, e defeito Tutú as veces cria que a sua nai tiña carraxe de Cirolas.

Tutú cumpriu dez anos e Cirolas seguía sendo o seu mellor amigo, sen él non ia a ningures, pero o grande problema era que se Tutú non estudaba era porque Cirolas non o deixaba ou estaba maliño, María que así era como se chamaba a sua nai cansouse, pois ese amigo imaxinario estaba atrancandolle os estudos e ademais pensaba que Tutú xa era moi maior como para ter amigos imaxinarios, enton decidiu enterrar a Cirolas ¿Como o ia facer?, pensou mil cousas pero na noite tuvo unha xenial idea, sabia que Tutú ia pasar mal un tempo pero acababa con aquel pesadelo para sempre e así o fixo.



Pola mañá ven cedo María espertou o seu fillo Tutú a gritos, decíndolle que na

noite Cirolas puxerase moi maliño e morrera, case sen darlle tempo a abrilos ollos díxolle que se vistira a presa que había que enterrar a Cirolas, mandoulle poñer o traxe dos domingos e foron dous de enterro.

Tutú escribiu nun papel catro letras, meterono unha botella e tiraron a baixo.



Tutú colleu un disgusto que lle durou máis dun mes, as noites facíanselle eternas, os días interminables, faltáballe a compañía de Cirolas, o seu mellor amigo forase para sempre.

Hoxe hai mais de trinta anos Tutú foi o río co seu fillo pescar, e troitas non pescaron pero si algo moi pesado cando o sacaron da auga encontráronse cunha botella, dentro ía un papeliño estrujado, abrirona e o neno leuno “Se algún día teño un fillo quero que o seu mellor amigo se chame Cirolas”, meu paí ¡¡ se esta botella non é túa eu non son teu fillo!!.




Mari Carballido

A AUGA DE SAN XOÁN

Esta noite máxica desde os tempos máis remotos, e que coincide coa celebración do solsticio de verán (a noite máis curta do ano), ten na nosa terra unhas características moi especiais. É a noite do lume, das lumeiradas, fogueiras, cachelas ou cacharelas; da auga, reviven as propiedades das fontes santas e milagreiras, das nove ondas do mar (purifican e fecundan), do orballo; e tamén do mundo vexetal.

Esta noite as plantas acadan o mellor das súas propiedades curativas e máxicas. Por iso, as mozas recóllen as para poñelas nun caldeiro con auga. Alí teñen que quedar ó orballo da noite e pola mañán tódolos membros da casa, en especial os nenos, lávanse con esta auga milagreira.

Algunhas herbas varían segundo a zona, pero hai moitas que aparecen en todas elas. Nos utilizamos na nosa auga as seguintes:



Herba de San Xoán, Sabugueiro, Crisantemos, Xesta, Ruda, Follas de laranxo e limoeiro, romero, manzanilla, tomillo, salvia, lavanda, malva, torvisco, tromentelo, laureiro, rosa canina, fiuncho, espadaña, croques, mentrastos ou hortelán, herba luisa, fento, menta e pétalos de rosas.



DITOS E REFRANS. Son frases feitas, en prosa ou verso, baseadas na observación dos fenómenos naturais e que a sabiduría humana proverbial, dun xeito categórico a filosofía popular. Os principais refráns sanxoaneiros recollidos din:

En san Xoán, as bruxas fuxirán. -

Sálvame lume de san Xoán, para que non me trabe, nin cadela nin can. -

Na fogueira de San Xoán, todos caen ó chan. -

A noite de san Xoán, pasaralo ben, e o día seguinte, mal. -

Na noite de san Xoán, non te deites ata a mañá. -

No san Xoán, na palangana cagarán.

Se queres roubar un portal polo san Xoán, come moito e sobre todo pan.

Na noite de san Xoán rapaz, rouba portais si eres capaz.

En san Xoán, cardos dan.

No san Xoán, peras na man.

No san Xoán, as peras caen ó chan.

A auga de san Xoán, tolle o viño e non da pan.



No san Xoán, fouciña na man.

Os allos postos no san Xoán, son dentes de can. Cebolas en san Xoán, cagallas de can.

Na noite de san Xoán, bebe viño e come pan.

Polo san Xoán, a sardiña pinga no pan.

O coeño polo san Xoán, e o pavo polo Nadal.

Quen auna (xexuna) polo san Xoán, é tolo ou non ten pan.



Mañás de san Xoán unhas corren e outras van.

En maio, déitome e caio. En san Xoán, déitome no chan.

Na noite de san Xoán, fai o que todos fan.



Polo san Xoán, as nove co día darán.

Polo san Xoán, a vella preguntará, cando virá o verán.

O día de san Xoán, ó o día máis longo do verán.

Polo san Xoán, calquera burro gaña o pan.

Montse Groba

Cantigas que se recordan en Couso sobre os muiños.

Fun o muiño con Paula,
E fun o muiño con ela,
Fun o muiño con Paula,
E durmín nos braciños dela.

Fun o muiño con Paula,
E fun o muiño con ela,
Ela durmiu nos meus brazos,
E eu durmín nos brazos dela.



O Muiño de Arriba,
Eu ven lle sei o tempero,
Cando esté alto baixalo,
e cando esté baixo erguelo.

Moe, Molinera, moe,
Vota fariña pra fora,
Que o dono deste muiño,
Ten un andar que namora.

Se alguén recorda algunha diferente, pode poñerse en contacto con calquera membro da directiva.

REFRÁNS SOBRE MUIÑOS

Auga pasada non move muíño..


“Cada un tira da auga pro seu muíño, inda que deixe seco o do veciño”. Fai mención ó egoísmo da persoa.



“Muiño parado, non gana maquía”(3). Fai referencia aos muíños que teñen un propietario e que cobran a moenda por medio dunha “maquila ou maquía”. Polo tanto, se non hai moenda o dono non recibe ningunha retribución ó respecto. Non cabe dúbida que o vago, o folgazán e o preguizoso aparecen claramente reflectidos nesta sentenza.



“ Muiñeiro do diaño, que a fariña a fai salvado”(4) . Neste refrán faise mención a que o muiñeiro queda coa fariña e da o salvado aos clientes.



“Auga pasada, non move muíño”(5). Fai referencia a que as situacións vividas no pasado non cambian as presentes nin inflúen nelas.



“Tanto gana a muiñeira co que moe como co que peneira”(6). Trátase dun refrán picaresco que fai mención á moralidade da muiñeira.



“O crego i o muíño, cantando ganan”(7). O refrán establece un paralelismo entre o crego e o muíño, que usan o canto como denominador común para o seu sustento.



Montse Groba

Receitas

ARROZ CON CHOCOS

Ingredientes:

Arroz
Chocos
Cebolla
Tomate rojo maduro
Pimiento verde
Pimentón
Azafrán
Aceite de oliva.



Pelar y picar bien las cebollas y el pimiento. Cortar los tomates en dos, rallarlos con un rallador y recoger la pulpa en un recipiente. Lavar bien los chocos y cortarlos en trozos. Tomar una bolsa de tinta de los chocos, diluirla en un poco de agua y pasar la mezcla por un colador fino, removiendo con una cucharilla.

Poner una cazuela de barro al fuego con aceite y echar la cebolla picada. Cuando esté dorada añadir los pimientos picados, remover todo bien y dejar a fuego lento hasta que los chocos estén tiernos.

Añadimos el arroz y la tinta de los chocos, removemos todo bien y cubrimos con agua. Dejamos hervir a fuego fuerte durante 5 minutos, bajamos el fuego y mantenemos

cociendo a fuego lento durante unos 10 minutos más. Se sala al gusto y se retira del fuego dejando reposar en la misma cazuela.

DULCE DE QUEIXO

Ingredientes:

7 huevos
500 gr. de azúcar
500 gr. de queso fresco, rallado
Mantequilla para el molde
Harina para el molde



Se separan las claras de las yemas y batimos las primeras a punto de nieve. Añadimos una a una las yemas, sin dejar de batir.

Se incorpora el azúcar poco a poco y finalmente el queso rallado.

Se engrasa el molde con mantequilla y se espolvorea de harina para que no se pegue el preparado.

Vertemos en el molde la mezcla e introducimos en el horno, precalentado a 200° durante 45 min.

Desmoldamos y servimos decorándolo al gusto, con cerezas, frambuesas, otras frutas o pétalos de rosa.

Proporcionadas por Montse Groba

Limiar (continuación)

Finalmente, todos recibimos unha carta de Telefónica para cambiar o actual sistema de TRAC, analóxico, por un dixital, pero que non da servizo axeitado a Internet. En dous días elaboramos e asinamos un escrito de protesta, cunha formidable resposta, dada a premura, asinando máis de 60 persoas. Enviámosllo a Telefónica, aínda que o día 14 quedamos de chamar todos ao 1004 para solicitar o cambio e así non perder o noso número actual. Pero polo menos que saiban que non tragamos con todo o que non vale noutros lugares.

Rematamos comentando que o noso proxecto de restauración de muíños está case rematado. Só faltan un par de paneis e algúns traballos de carpintería. O vindeiro 20 de agosto faremos a última certificación das obras realizadas, rematando cos aspectos económicos do proxecto.

Polas cuestións de datas indicadas antes, e a falta de voluntarios, vímonos obrigados a modificar a data inicialmente establecida para a inauguración (21 de setembro). É evidente que non podemos atender a todo e, pola acumulación de cousas a facer, corríamos o risco de facer unha "chapuza" que Couso non se merece. Así que acordamos adiar a inauguración ata a primavera (marzo ou cando empece o bo tempo). Non obstante, de aquí a alá aínda temos traballos de limpeza, mantemento e ordenación que facer no entorno dos muíños para deixar aquilo como queremos. Como sempre, pedimos e esperamos a vosa colaboración.



Actividades realizadas



O sábado, 17 de maio, celebramos o Día das Letras Galegas, cunha exposición sobre a vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez realizada por Montse Groba. Como sempre púxose a disposición dos socios parte da súa obra literaria, así como DVD's sobre el e a súa poesía.



O resto da nosa actividade centrouse tanto no remate das actuacións de restauración dos muíños de Couso, axudados pola Comunidade de Montes, como na elaboración do novo proxecto de sendeiro polos muíños de Cans, Couso, Picoña e San Xurxo, con volta polo sendeiro das Greas, que nos levou tamén media ducia de reunións e tres excursións para comprobar os distintos tramos do percorrido.

